

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020261	Terra de Turonio	Gondomar	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1328	Atención a grupos	2023/2024	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARINA ABRUÑEDO GUILLÁN, SANTIAGO NÚÑEZ PAREDES (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo concreta os comportamentos e relacións de cohesión necesarias para o correcto funcionamento dun grupo no medio natural.

O currículo do módulo céntrase na valoración e no papel dinamizador das actividades grupais na sociedade actual, así coma a observación de medidas correctoras, de cara a evitar comportamentos antisociais. O fomento da colaboración e coordinación dos individuos implicados nas actividades programadas. Para elo analízase as canles de comunicación e as barreiras do propio proceso, afondando na inclusión das persoas con diversidade funcional.

Partindo desde a caracterización da dinámica grupal a través da psicoloxía evolutiva., atravesando as técnicas propias da dinamización grupal, a identificación das técnicas de comunicación e a xestión de conflitos e resolución de problemas propias das características dun grupo.

Por último, a avaliación dos procesos dun grupo, a través da aplicación de técnicas de investigación social, recollida e interpretación de datos, e valoración da autoavaliación para a mellora da competencias social.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Caracterización da dinámica grupal: rasgos da psicoloxía evolutiva	Desenvolvemento persoal, discapacidade, cultura e sociabilización, educación intercultural, para a paz, igualdade e cooperación.	15	20
2	Desenvolvemento de estratexias e técnicas de dinamización grupal.	O grupo. Psicoloxía do grupo, estrutura e procesos, fases de desenvolvemento dun grupo	15	20
3	Identificación de técnicas de comunicación.	El proceso de comunicación: elementos y tipos de comunicación	12	20
4	Xestión de conflitos e resolución de problemas	O conflito nas relacións interpersoais, actitudes dos grupos ante os conflitos, proceso de toma de decisións, valoración da importancia do reseto e da tolerancia na resolución de problemas.	9	20
5	Avaliación dos procesos de grupo	Aplicación de técnicas de investigación social, selección de indicadores, interpretación de datos, valoración da autoavaliación como a estratexia para a mellora da competencia social	12	20

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Caracterización da dinámica grupal: rasgos da psicoloxía evolutiva	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a dinámica grupal, en relación cos aspectos psicolóxicos e sociolóxicos que a sustentan	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Explicáronse os procesos básicos do desenvolvemento evolutivo das persoas
CA1.2 Caracterizáronse os procesos que inflúen na conformación social da conduta e das actitudes
CA1.3 Caracterizáronse as diversidades funcionais e a súa repercusión no desenvolvemento de actividades grupais recreativas
CA1.4 Analizouse a diversidade cultural e a súa implicación en contextos recreativos
CA1.5 Descríbense as principais características diferenciais desde a perspectiva de xénero e a súa implicación en contextos recreativos

4.1.e) Contidos

Contidos
Trazos básicos de psicoloxía evolutiva.
Desenvolvemento persoal: elementos básicos. Personalidade, motivación, conduta, actitudes, emoción e sensación. Autoconcepto e autoestima.
Discapacidade: etioloxía, sintomatoloxía, clasificación, indicacións, precaucións e contraindicacións. Características psicolóxicas, afectivas e sociais das persoas segundo os tipos de discapacidade.
Cultura e socialización. Educación intercultural. Diversidade cultural en contextos recreativos. Conceptos básicos de integración social.

Contidos
Educación para a liberdade, para a igualdade, para a paz, para a cidadanía e para a cooperación. Coeducación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Desenvolvemento de estratexias e técnicas de dinamización grupal.	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Desenvolve estratexias e técnicas de dinamización grupal en función do contexto de intervención, con adecuación do uso das técnicas ás fases de evolución do grupo	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Clasifícanse os elementos que configuran a estrutura grupal e as relacións entre eles
CA2.2 Identifícanse as fases dun grupo
CA2.3 Caracterízanse os posibles papeis tipo nas persoas dun grupo
CA2.4 Seleccionáronse diferentes técnicas de dinámica de grupo para cada fase en que este se ache
CA2.5 Xustificouse a utilización de técnicas de dinámica de grupo para interactuar cos seus integrantes
CA2.6 Interveuse como dinamizador ou dinamizadora de procesos grupais aplicando técnicas de dinámica de grupos, considerando os espazos e os medios necesarios
CA2.7 Interveuse como dinamizador de procesos grupais aplicando técnicas de dinámica de grupos en colectivos específicos, incorporando as adaptacións e axudas técnicas requiridas
CA2.8 Xustificouse o papel do persoal técnico como dinamizador de procesos grupais

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>O grupo. Psicoloxía do grupo. Individuo e grupo. Grupo de pertenza e grupo de referencia.</p> <p>Procesos e estrutura dun grupo.</p> <p>Fenómenos que afectan o grupo. A cohesión social.</p> <p>Fases de desenvolvemento dun grupo.</p> <p>O liderado: tipos.</p> <p>Técnicas de dinámica de grupos como metodoloxía de intervención. Espazos e medios.</p> <p>Técnicas de dinámica de grupos para colectivos específicos. Adaptacións e axudas técnicas.</p> <p>Xustificación do papel do persoal técnico como iniciador e dinamizador de procesos grupais.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Identificación de técnicas de comunicación.	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona técnicas de comunicación en función das características dos grupos e das persoas implicadas no proceso	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizáronse os elementos do proceso de comunicación
CA3.2 Definíronse os estilos de comunicación que fan máis eficaz o proceso de comunicación en función do contexto

Criterios de avaliación
CA3.3 Seleccionáronse as estratexias para superar barreiras de comunicación grupal
CA3.4 Adaptáronse as técnicas de comunicación a contextos e a grupos
CA3.5 Seleccionáronse as técnicas de comunicación adecuadas á situación, atendendo á diversidade cultural e funcional do grupo
CA3.6 Descríbense as habilidades de comunicación necesarias para favorecer o proceso de comunicación
CA3.7 Establecéronse sistemas de avaliación da eficacia dos procesos de comunicación

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>O proceso de comunicación. Elementos no proceso de comunicación. Tipos de comunicación.</p> <p>Estilos de comunicación. Asertividade.</p> <p>Dificultades e barreiras da comunicación. Adaptacións para a comunicación en espazos abertos complexos.</p> <p>Técnicas de comunicación.</p> <p>Análise da importancia da comunicación e a interacción comunicativa en distintos contextos e espazos.</p> <p>Transmisión de mensaxes. Utilización das linguaxes oral, escrita, icónica, audiovisual e corporal.</p> <p>Análise da importancia de adecuar a comunicación á persoa interlocutora e a unha posible discapacidade.</p> <p>Actitudes que facilitan ou dificultan a comunicación.</p> <p>Xustificación das habilidades sociais básicas de comunicación.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Xestión de conflitos e resolución de problemas	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos grupais e solución de problemas, e selecciona técnicas en función do contexto de intervención	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as fontes da orixe dos problemas e dos conflitos no funcionamento dos grupos
CA4.2 Aplicáronse habilidades sociais na solución de problemas dentro do grupo
CA4.3 Aplicáronse técnicas de resolución de conflitos dentro do grupo
CA4.4 Descríbironse as fases do proceso de toma de decisións
CA4.5 Analizouse a importancia do respecto e a tolerancia na resolución de conflitos e na solución de problemas

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>O conflito nas relacións interpersoais. Rivalidade. Cohesión.</p> <p>Actitudes dos grupos ante os conflitos.</p> <p>Técnicas para a xestión e a resolución de conflitos. A mediación.</p> <p>O proceso de toma de decisións. Métodos máis habituais e fases do proceso.</p> <p>Análise da importancia do respecto e da tolerancia na resolución de problemas e conflitos.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Avaliación dos procesos de grupo	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Aplicáronse técnicas de investigación social
CA5.2 Determináronse as estratexias e os instrumentos para o estudo de grupos
CA5.3 Valoráronse os datos recollidos sobre os procesos grupais
CA5.4 Descríbóronse os indicadores de avaliación
CA5.5 Rexistráronse os datos nos soportes establecidos
CA5.6 Identificáronse as situacións para mellorar dos procesos de grupo
CA5.7 Autoavaliouse a situación persoal e social de partida do técnico ou a técnica

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Aplicación de técnicas de investigación social ao traballo con grupos.</p> <p>Análise de estratexias e instrumentos para o estudo de grupos.</p> <p>Avaliación da estrutura e dos procesos grupais.</p> <p>Selección de indicadores.</p> <p>Recollida de datos. Técnicas de elaboración e formalización de rexistros. Formularios e aplicacións informáticas para a xestión dos datos.</p> <p>Interpretación de datos.</p>

Contidos

Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.

Lei de protección de datos. Confidencialidade no tratamento de datos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para a cualificación dos diferentes trimestre do curso seguiranse os seguintes criterios de cualificación:

- Probas escritas: 40%
- Probas de aplicación práctica e actividades teórico - prácticas: 60%

Realizarase como mínimo unha proba escrita por trimestre.

Efectuaranse así mesmo como mínimo unha proba de aplicación práctica por trimestre.

Avaliaranse tamén diferentes tarefas que se lle pida ó alumnado durante o proceso, (principalmente nas sesións dos xoves) de carácter eminentemente práctico, relacionado cos criterios de avaliación das diferentes unidades didácticas, nas que o alumnado demostre a adquisición de habilidades prácticas de planificación, organización e dirección de grupos en dinámicas grupais enfocadas cara a conducción de grupos.

Ademais, establecéronse 10 criterios de avaliación como mínimos exixibles para poder optar a acadar a avaliación positiva. Son os seguintes

- CA1.1 - Explicáronse os procesos básicos do desenvolvemento evolutivo das persoas
- CA1.3 - Caracterizáronse as diversidades funcionais e a súa repercusión no desenvolvemento de actividades grupais recreativas
- CA1.5 - Describíronse as principais características diferenciais desde a perspectiva de xénero e a súa implicación en contextos recreativos
- CA2.1 - Clasificáronse os elementos que configuran a estrutura grupal e as relacións entre eles
- CA2.8 - Xustificouse o papel do persoal técnico como dinamizador de procesos grupais
- CA3.2 - Definíronse os estilos de comunicación que fan máis eficaz o proceso de comunicación en función do contexto
- CA3.3 - Seleccionáronse as estratexias para superar barreiras de comunicación grupal
- CA3.6 - Describíronse as habilidades de comunicación necesarias para favorecer o proceso de comunicación
- CA4.1 - Analizáronse as fontes da orixe dos problemas e dos conflitos no funcionamento dos grupos
- CA4.4 - Describíronse as fases do proceso de toma de decisións

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non supere algún trimestre, deberá recuperar aquela parte que teña suspensa, do seguinte modo:

- Probas escritas: realizaranse dúas no primeiro trimestre e tres probas no segundo trimestre de forma escrita. Desta forma, para o alumnado con algún trimestre non superado deberá recuperar a través dunha proba escrita que recollerá os contidos do trimestre non superado. Se tanto o primeiro coma o segundo non se superaron, levaráse a cabo unha proba escrita que recolla o contido de ambos trimestres.
- Respecto as probas con carácter teórico práctico non superado, deberán de se completar as tarefas correspondentes a ditos contidos nas tarefas destinadas para tal fin, na aula virtual da materia, cunha cualificación mínima de 5 puntos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Terase en conta a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, nos seus artigos 25.4 e 25.5.

4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

5. O alumnado que perdesen o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Ademais do establecido na Resolución do 24 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2018/19.

Cuarto. Perda do dereito á avaliación continua

1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas, consonte o anterior, nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. En caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

3. O alumnado que perdesen o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no

artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

PROCEDEMENTO:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización dunha proba dividida en dúas partes:

PRIMEIRA PARTE:

Terá carácter eliminatorio, é dicir, de non superar esta parte da proba o alumnado non terá dereito a presentarse á segunda parte da proba, e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos.

Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Ademais, si a primeira parte da proba se subdividise en bloques, cada bloque terá o mesmo peso na cualificación, pero será de carácter obrigatorio obter unha puntuación mínima en cada un destes para poder obter a nota da primeira parte como suma das cualificacións dos distintos bloques. No caso de que nalgún bloque non estea cualificado coa puntuación mínima, esta primeira parte da proba será calificada cun máximo de catro puntos. A cualificación mínima de cada bloque, de ser o caso, será a metade da cualificación do devandito bloque.

SEGUNDA PARTE:

Deberá deseñarse cos criterios de avaliación do módulo relacionados cos coñecementos prácticos que deberá demostrar a persoa aspirante. Consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas con un cero nesta segunda parte. Ademais, se a segunda parte da proba se subdividise en bloques, cada bloque terá o mesmo peso na cualificación, pero será de carácter obrigatorio obter unha puntuación mínima en cada un destes para poder obter a nota da segunda parte como suma das cualificacións dos distintos bloques. No caso de que algún bloque non estea cualificado coa puntuación mínima, esta segunda parte da proba será calificada cun máximo de catro puntos. A cualificación mínima de cada bloque, de ser o caso, será a metade da cualificación do devandito bloque.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade mais próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

PRIMEIRA PARTE DA PROBA.

CARACTERÍSTICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta parte poderá estar formada por un ou varios bloques. Estes bloques poderían ser: preguntas tipo test, preguntas curtas, recheo de ocios ou preguntas a desenvolver. O tempo máximo da primeira parte da proba será de 4 horas.

MATERIAL NECESARIO: bolígrafo azul (non se permitirá a utilización de outro material).

SEGUNDA PARTE DA PROBA.

CARACTERÍSTICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación

establecidos na programación para esta parte. Esta parte poderá estar formada por un ou varios bloques. Estes bloques poderían consistir na realización de probas de execución, probas orais, comentarios e análise de texto e/ou imaxes,... O tempo máximo da segunda parte da proba será de 4 horas. Esta parte da proba poderá ser realizada fora das instalacións do centro.

MATERIAL NECESARIO: bolígrafo azul, tesoiras, lápiz ou ceras de cores, regra. No caso de precisar programas informáticos ou equipos informáticos, estes serán facilitados polo centro.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Levarase a cabo unha avaliación tanto da programación, coma da actuación do profesor.

En canto á programación:

- Realizárase a avaliación de cada unidade didáctica unha vez finalizada, mediante unha rúbrica deseñada para tal efecto.
- Efectuarase un seguimento da mesma mensualmente, comprobando o ritmo de desenvolvemento da programación.

En canto ó profesor:

- Cubrirase un cuestionario de autoavaliación ó final de cada unidade didáctica.
- O alumnado cubrirá un cuestionario de avaliación do profesor ó final de cada trimestre, de forma anónima.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Durante as primeiras sesións do curso levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado, que se efectuará do seguinte modo:

- En sesións teóricas e teórico-prácticas realizaranse preguntas ó alumnado e algún debate para poder identificar os coñecementos que teñen sobre os contidos do módulo.
- En sesións prácticas realizarase unha observación da competencia corporal e motriz do alumnado.

Esta avaliación inicial permitiranos coñecer o nivel de partida do alumnado, e axustar en consecuencia diferentes aspectos da programación si fose preciso.

Dadas as especiais circunstancias deste curso académico todo o equipo docente debe estar atento ás circunstancias persoais do alumnado, ás súas posibilidades de empregar medios tecnolóxicos, etc., amosando empatía e flexibilidade respecto das dificultades que podan presentar e proporcionándolles recursos de todo tipo: tecnolóxicos, metodolóxicos, etc.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

ara aqueles alumnos/as que presenten dificultades no desenvolvemento do curso, na adquisición dos resultados de aprendizaxe do currículo do módulo, empregaranse medidas de reforzo co fin de que poidan chegar a acadar ditos resultados de aprendizaxe.

Estas medidas de reforzo consistirán en:

- Dotar a este alumnado de apuntes, documentos, recursos que faciliten o seu estudo.
- Dar máis tempo na realización de probas prácticas.
- Facilitar a súa actuación de diferentes modos, por exemplo diminuído o número de persoas coas que terá que dirixir actividades prácticas, coa axuda dun compañeiro, etc.

Tamén queremos destacar neste punto que teremos en conta a atención á diversidade por enriba, é dicir, non só co alumnado con dificultades senón tamén con aquel alumnado cun elevado nivel e que acada os obxectivos de forma moi doada. Así proporemos actividades de ampliación coas que estes alumnos con maior nivel poidan satisfacer as súas necesidades e profundizar mais nos contidos do módulo.

O recurso da aula virtual, será o principal instrumento de apoio para que todas as persoas poidan seguir o desenvolvemento do curso e participar na realización das tarefas programadas. Dadas as especiais circunstancias deste curso académico todo o equipo docente debe estar atento ás circunstancias persoais do alumnado, ás súas posibilidades de empregar medios tecnolóxicos, etc., amosando empatía e flexibilidade respecto das dificultades que poidan presentar para proporcionarlles recursos de todo tipo: tecnolóxicos, metodolóxicos, etc.

Se fose necesario, realizaranse titorías en función das carencias que podemos detectar.

No caso de alumnado lesionado, faráselle unha adaptación das parte prácticas dos módulos. Realizarán supostos teóricos-prácticos, así como traballos teóricos dos contidos que non poden realizar. Aspectos que se terán en conta de cara a avaliación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Son un conxunto de aspectos aos que a sociedade é especialmente sensible e que pola súa relevancia deben ser tratados en todas as áreas do currículo. Traballados de forma transversal durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, destacamos os seguintes no presente módulo:

1. Educación para a saúde e a calidade de vida: Mostraremos a relación entre actividade física, corpo e saúde, así coma os beneficios da actividade física para a saúde, os seus riscos e contraindicacións.
2. Educación para a igualdade entre os sexos: Potenciar a igualdade, rexeitando expresións ou exemplos sexistas. Fomentar a integración e o respecto mutuo, así como a eliminación de estereotipos sexistas no deporte e na vida.
3. Educación ambiental: Fomentaremos o respecto e conservación do medio ambiente, especialmente nas actividades no medio natural, pero incidiremos tamén na conservación e coidado dos espazos do centro no

que nos atopemos.

4. Educación para a prevención de drogas: Incidirase nos efectos negativos das drogas na saúde, fenómeno social que afecta cada vez a máis xoves, valorando os desaxustes que provocan as drogas en corpo e mente.
5. Educación para o lecer: Promoverase a realización das actividades que imos desenvolvendo como actividades de ocio ou tempo libre.
6. Comunicación audiovisual: En algunha actividade os/as alumnos/as deberán gravarse en vídeo e/ou sacar fotos durante a realización de diferentes actividades prácticas.
7. Tecnoloxías da información e da comunicación: Empregaremos a aula virtual para colgar información sobre os contidos tratados, e os alumnos deberán acceder a ela, e tamén deberán procurar e analizar información autonomamente a través de internet.
8. Emprendemento: O noso alumnado realizará tarefas autonomamente precisando ese espírito emprendedor, coma por exemplo na elaboración de actividades de animación.
9. Educación cívica e constitucional: Fomentaremos o respecto polos demais e polas diversas culturas. Mediante actividades grupais buscaremos a aceptación das diferenzas individuais e o aprender a solucionar conflitos.
10. Expresión oral e escrita: No transcurso das sesións faremos preguntas ao alumnado e deberán expresarse oralmente para responder, sendo escoitados/as polo profesor e polos seus compañeiros/as, onde incidiremos no respecto pola persoa que fala en público.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Proporemos, dende a nosa materia, a realización das seguintes actividades complementarias e extraescolares:

- Congreso de Turismo Deportivo, Sportur en Ourense (novembro 2022).
- Saída á Alameda para participar das propostas culturais do concello.
- Organización de actividades físico-recreativas no día do deporte na rúa, para o alumnado do centro e de centros cercanos.
- Visita de distintas zonas históricas da cidade realizando actividades de animación cós turistas, en coordinación coa concellería de cultura.